

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA NO MARCO DO PLAN DE IMPULSO AOS CONTIDOS DIXITAIS EN GALICIA COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

En Santiago de Compostela, a 19 de xullo de 2018

Dunha parte, dona **Mar Pereira Álvarez**, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (co NIF Q1500382E), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e polo Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Doutra, a **Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.**, e no seu nome e representación don **Alfonso Sánchez Izquierdo**, en calidade de director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., nomeado para o devandito cargo por Acordo de 4 de xaneiro de 2016 do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., en virtude das facultades que lle confire o artigo 26 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e polo artigo 22 dos estatutos sociais.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante Amtega) é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.



galicia



A Amtega está adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia e conta con personalidade xurídica diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión nos termos establecidos pola normativa vixente e ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes competencias e funcións: a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na titular da Dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Segundo.- O Goberno galego a través da Axenda Dixital de Galicia 2020, liderada pola Amtega e aprobada no Consello da Xunta de Galicia o 30 de abril de 2015, ten o obxectivo de impulsar un modelo de crecemento baseado na economía dixital, que contribúa a dar resposta a desafíos aos que se enfronta Galicia en todas ás áreas de desenvolvemento.

A Axenda Dixital de Galicia 2020 establece entre os seus obxectivos, promover o liderado de empresas que a través da incorporación das TIC, tanto nos procesos internos como de negocio, garantan a creación e absorción de talento e innovación para xerar novas oportunidades e promover así a atracción e o crecemento económico na Comunidade, así como impulsar a innovación tecnolóxica, competitividade e xeración de emprego no ecosistema dixital que contribúan a posicionar ao sector tecnolóxico coma un dos sectores de referencia de Galicia.



Para contribuír á consecución dos obxectivos establecidos na Axenda Dixital, a Amtega definiu o Programa ViraxeTIC co fin de apoiar a aceleración do desenvolvemento e competitividade do sector de contidos dixitais como baluarte do crecemento económico e social vinculado á economía dixital.

Neste senso, como unha das liñas de traballo para o impulso de actuacións no marco do Programa ViraxeTIC xurde o "Plan de acción para o impulso aos contidos dixitais en Galicia, DICO Mindset", aprobado no Consello da Xunta de Galicia o 1 de marzo de 2018, co dobre obxectivo de: (1) impulsar a modernización e innovación tecnolóxica do sector de contidos dixitais, e por ende, contribuír a afianzar os piares fundamentais nos que se asente unha mellora da competitividade determinando a perspectiva do sector, tendencias e casos de referencia dende a perspectiva da evolución tecnolóxica; e (2) dinamizar a xeración e posta en marcha de proxectos para a transformación dos sectores produtivos de Galicia, aproveitando ao máximo as oportunidades que brindan as novas tendencias tecnolóxicas con base nos contidos dixitais para reforzar a súa competitividade e mellorar o seu posicionamento a nivel nacional e internacional.

Terceiro.- A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (en adiante, a Corporación RTVG) é unha sociedade mercantil pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle na Resolución do 29 de febreiro de 2016, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, pola que se ordena a publicación da modificación dos estatutos da sociedade mercantil pública autonómica Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., autorizada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 23 de decembro de 2015.

A Corporación RTVG conta con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, contando con autonomía na súa xestión con independencia funcional respecto do Goberno e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dispón de patrimonio propio nos termos establecidos pola normativa vixente e ten como obxecto social a prestación do servizo público de comunicación audiovisual nos termos previstos na Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, así como todas aquelas actividades necesarias para o exercicio das súas funcións de servizo público ou que estean relacionadas coa comunicación audiovisual.

O servizo público de comunicación audiovisual é un servizo esencial de interese económico xeral que ten por obxecto a produción, edición e difusión dun conxunto posible de canles de radio, de televisión e de servizos de información en liña con programacións diversas e equilibradas para todo tipo de público, que cubrirán os distintos xéneros, destinadas a satisfacer as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade, a preservar o pluralismo nos medios de comunicación e a promover o emprego da lingua galega.

A aposta da Corporación RTVG nos medios dixitais ten como obxectivo achegar os contidos da televisión e da radio galegas axeitados aos diferentes soportes para facilitar ao usuario/a o seu consumo e participación onde e cando queira. Tamén fornecer novos contidos de valor engadido en diversas canles dixitais e favorecer a interacción co público, especialmente canles dixitais temáticas específicas con atención preferente ao público infantil e xuvenil.

A actividade de comunicación da Corporación RTVG, está inspirada en principios como o de procura do desenvolvemento do sector audiovisual desde o punto de vista da mellora da súa contribución á economía da comunidade autónoma.

Cuarto.- Que neste contexto, Amtega e Corporación RTVG están interesadas en impulsar actuacións que contribúan a fomentar a creación de contidos dixitais orientados a un mercado global e que se atopen caracterizados polo seu efecto arrastre no sector, na innovación, así como no desenvolvemento de novas tecnoloxías no sector dos contidos dixitais.

Quinto- Que no marco do DICO Mindset, a Amtega ten previsto articular proxectos tractores para a modernización e a innovación tecnolóxica no ámbito dos contidos dixitais en Galicia co fin de avanzar na configuración dun sector de contidos dixitais galego máis potente, maduro e competitivo. Estas accións teñen un carácter de interese xeral porque contribuirán ao potenciamento do desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, á xeración de emprego no hipersector TIC, así como á xeración de novas actividades empresariais en Galicia.

Tendo en conta o anterior, a Amtega e a Corporación RTVG manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acódesse a un suposto de "colaboración dentro do sector público" regulados polos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración, con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Amtega e a Corporación RTVG para levar a cabo as seguintes actuacións:

- Desenvolvemento dun proxecto de innovación tecnolóxica no ámbito das novas tendencias en contidos interactivos, con aplicación no ámbito da educación primaria e secundaria.
- Desenvolvemento dun proxecto de análise de datos para a creación de canles multimedia audivosuais adaptadas aos comportamentos dos usuarios.

O desenvolvemento destas actuacións ten como obxectivo acadar a configuración de solucións que adopten as posibilidades audiovisuais e tecnolóxicas que ofrece o mercado e permitan engadir valor á produción e distribución de contidos dixitais, así como dinamizar o ecosistema dixital na comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda. Actuacións

Para o desenvolvemento deste convenio levaranse a cabo as seguintes actuacións:

a) Proxecto de innovación no ámbito das novas tendencias en contidos interactivos, con aplicación no ámbito educativo.

1. Desenvolvemento dunha plataforma dixital para contidos interactivos.
2. Desenvolvemento da tecnoloxía necesaria para conectar a pantalla principal coas segundas pantallas.
3. Creación de contidos específicos baseados en realidade aumentada, realidade virtual, etc... para ser consumidos en segundas pantallas.

b) Desenvolvemento dun proxecto de análise de datos para a creación de canles multimedia audiovisuais adaptadas aos comportamentos dos usuarios

1. Desenvolvemento de modelos de análise de datos relativos a necesidades e comportamentos das audiencias, baseados en Big Data.
2. Creación de plataformas multimedia capaces de satisfacer as demandas comportamentais da cidadanía.

Terceira.- Financiamento

Para o financiamento das actuacións que constitúen o obxecto deste convenio de colaboración cada unha das partes achegará os importes máximos (IVE incluído), por anualidades, que se indican no cadro inserido a continuación, con cargo ás respectivas aplicacións orzamentarias:

- a) Proxecto 1: Proxecto de innovación no ámbito das novas tendencias en contidos interactivos.

Centro directivo	Aplicación orzamentaria	2018	2019	2020	TOTAL
		FEDER	FEDER	FEDER	
Amtega	04.A1.571A.640.0	50.000 €	1.030.000€	700.000€	1.780.000 €

Esta actuación enmárcanse no Programa Operativo FEDER Galicia 2014 – 2020 e estará cofinanciadas nun 80 % polo Feder Galicia 2014-2020, obxectivo temático 1.

- b) Proxecto 2: Desenvolvemento dun proxecto de análise de datos para a creación de canles multimedia audiovisuais adaptadas aos comportamentos dos usuarios.

Centro directivo	Aplicación orzamentaria	2018	2019	2020	TOTAL
		FCA	FCA	FCA	
Corporación RTVG	6201001	200.000 €	200.000 €	250.000 €	650.000 €

No marco do presente convenio, cederase á CRTVG o uso das aplicacións, plataformas e sistemas desenvolto ao abeiro do proxecto 1, conforme ás posibilidades do mecanismo de contratación; nese sentido, corresponderá á CRTVG a obriga financeira consistente en asumir o custe recorrente derivado das actuacións executadas no ámbito do presente Convenio (mantemento do servizo das plataformas, aplicacións e sistemas), unha vez finalizado o mesmo e como mínimo, durante o prazo establecido na normativa Feder.

Cuarta. Compromisos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia asume os seguintes compromisos no marco do presente convenio:

- I. Realizar a achega económica para o financiamento do **proxecto 1**, de acordo co indicado na alínea a) da cláusula terceira deste convenio.
- II. Ser o órgano de contratación e tramitar e adxudicar todos os contratos administrativos necesarios para o correcto desenvolvemento e a execución **proxecto 1**.
- III. Participar de forma conxunta coa Corporación RTVG na elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas das citadas contratacións.
- IV. Asumir a constitución do vínculo contractual de todos os adxudicatarios, que resulten das contratacións derivadas do **proxecto 1**, necesarias para levar a cabo o desenvolvemento e execución das actuacións obxecto deste convenio.
- V. Asumir o seguimento das prestacións e resultados derivados dos contratos que execute a entidade no marco do presente Convenio.
- VI. Asumir o pagamento dos contratos formalizados, **derivados do proxecto 1**, que resulten deste convenio , con cargo aos seus propios orzamentos.
- VII. Realizar os controis regulamentariamente estipulados de acordo coa natureza dos fondos cos que se financian as actividades.
- VIII. Revisar e validar as actuacións realizadas na execución dos contratos adxudicados no ámbito dos proxecto descritos anteriormente.
- IX. Ceder á CRTVG os dereitos de uso das aplicacións, plataformas e sistemas desenvolvidos no marco do **proxecto 1** como mínimo polo período establecido na normativa Feder.

Quinta. Compromisos da Corporación RTVG

A Corporación RTVG asume os seguintes compromisos:

- I. Participar de forma conxunta coa Amtega na elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas das contratacións derivadas do **proxecto de innovación no ámbito de novas tendencias nos contidos interactivos** descrito na cláusula anterior.
- II. Asumir a cesión dos dereitos de uso, así como os gastos recorrentes asociados ao mantemento e operación, en particular os de explotación e mantemento das plataformas, aplicacións e sistemas desenvolto ao abeiro do presente convenio, incluída a xeración de novos contidos, como mínimo polo período establecido na normativa Feder.
- III. Financiar as actuacións previstas para o seguinte **proxecto 2**, de acordo co indicado na alínea b) da cláusula terceira deste convenio.
- IV. Ser o órgano de contratación e tramitar e adjudicar todos os contratos administrativos necesarios para o correcto desenvolvemento e a execución do **proxecto 2**, previstas no marco deste convenio. As contratacións poderán ser xestionadas a través da Federación de organismos de radio e televisión autonómicos (FORTA).
- V. Asumir a constitución do vínculo contractual de todos os adjudicatarios, que resulten das contratacións derivadas do **proxecto 2**, necesarias para levar a cabo o desenvolvemento e execución das actuacións obxecto deste convenio.
- VI. Asumir o seguimento das prestacións e resultados derivados dos contratos que execute a entidade no marco do presente Convenio.
- VII. Asumir o pagamento dos contratos formalizados, derivados do **proxecto 2**, que resulten deste convenio, con cargo aos seus propios orzamentos.

Sexta. Participación conxunta

Na elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas participarán conxuntamente a Corporación RTVG e a Amtega.

O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación na que participarán , de maneira paritaria, tanto persoal da Corporación RTVG como persoal da Amtega.

Así mesmo, a Corporación RTVG e a Amtega participarán conxuntamente na elaboración dos informes técnicos de valoración.

Sétima.- Xeración de ingresos.

As actuacións que teñan sido financiadas total ou parcialmente no marco do presente Convenio con fondos procedentes do Programa Operativo FEDER Galicia 2014 – 2020, non poderán xerar ingresos para a Amtega nin a CRTVG.

Oitava.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e dous representantes da Corporación RTVG, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición da dita comisión será a seguinte:

- Pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ou persoa na que delegue, e a titular da dirección da Área de Sociedade Dixital, ou persoa que a substitúa.
- Pola Corporación RTVG, o seu director xeral e o seu director da Área de Innovación e Negocio, ou persoas que os substitúan.

Esta comisión estará presidida pola directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Novena. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata un prazo máximo de catro anos.

O presente convenio poderá prorrogarse por acordo expreso das partes por un período máximo de catro anos.

Décima.- Seguimento da execución e impacto dos proxectos.

A fin de que as Partes poidan avaliar o desenvolvemento das actuacións, realizarase o seguimento das prestacións e resultados derivados dos contratos que se executen no marco do presente Convenio.

Décimo primeira.-Desenvolvemento e modificación e resolución.

O presente convenio poderá ser obxecto de desenvolvemento a través das correspondentes addendas ao mesmo.

De acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

As partes poderán acordar, a través da comisión de seguimento, a posibilidade de que outras entidades se adhiran ao presente Convenio. Para iso subscribirán para ese efecto a correspondente addenda na que se desenvolverán as condicións nas que se leva a cabo a devandita adhesión.

O presente convenio resolverase, ademais de polas causas establecidas no artigo 52.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do sector público, pola denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte con tres meses de antelación.


Os efectos da resolución serán os previstos no artigo 52 da Lei 40/2015.

Décimo segunda.- Dereitos de explotación e propiedade intelectual .

Con respecto ao proxecto 1 a Amtega cederá os dereitos de uso das aplicacións, plataformas e sistemas desenvolvidos á CRTVG. A CRTVG poderá actualizar contidos, crear novos contidos e, en xeral, utilizar as funcionalidades da plataforma. Asemade á CRTVG asumirá os gastos recorrentes asociados ao mantemento e operación, en particular os de explotación e mantemento das plataformas, aplicacións e sistemas desenvolvidos ao abeiro do presente convenio, incluída a xeración de novos contidos.



galicia



A titularidade dos resultados do proxecto 2 corresponde en exclusiva á CRTVG, sen prexuízo da súa integración dentro da plataforma desenvolvida ao abeiro do proxecto 1.

Décimo terceira- Publicidade

As partes consenten expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio no rexistro público de Convenios, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ademais da información que se debe de facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio, en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016.

As partes asinantes autorizan/consentem a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto

Décimo cuarta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente Convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais da CRTVG que realicen as actividades obxecto deste Convenio e a Amtega.

Décimo quinta.- Protección de Datos de Carácter Persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal (en diante a LOPD), do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.



galicia

Décimo sexta- Cofinanciamento FEDER

1.- A Amtega, con carácter previo á conclusión das actuacións obxecto do presente Convenio, informará o público da participación da Unión Europea, e no seu caso, do Fondo participante facendo indicación do tipo e do nome das referidas actuacións, ademais de incluír a información referida nas letras a), b) e c) do apartado 2. desta cláusula.

2.- As placas, carteis e calquera documento (cadernos pequenos, folletos, notas informativas, certificados de asistencia, ou de calquera outro tipo) que realice a Amtega sobre as intervencións cofinanciadas polos fondos estruturais incluirán:

a. O emblema da Unión Europea, de conformidade coas normas gráficas establecidas no Anexo I do Regulamento (CE) Nº 1828/2006, de 8 de decembro, así como a referencia á Unión Europea

b. A referencia "Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional".

c. Unha declaración na que se informe de que o programa operativo foi cofinanciado polo FEDER e na que se destaque o valor engadido da intervención da Comunidade Europea, de preferencia: "Unha maneira de facer Europa", ou a declaración que, no seu caso, acorde a Autoridade de Xestión.

3.- A Amtega garante, en relación co cumprimento da normativa europea, de conformidade co disposto no artigo 57.1 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do 11 de xullo de 2006 polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e se derroga o Regulamento (CE) nº 1260/1999, que a operación obxecto deste Convenio non sufrirá unha modificación substancial antes de transcorridos cinco anos do seu termo que afecte á súa natureza ou ás súas condicións de execución ou que outorgue a unha empresa ou a un organismo público vantaxes indebidas, e que se derive dun cambio na natureza da propiedade dunha infraestrutura ou do cesamento dunha actividade produtiva.

4.- Con carácter xeral a Amtega obrígase a cumprir cantas disposicións comunitarias e nacionais lle resulten aplicables como destinataria das actuacións financiadas cos fondos FEDER así como a permitir e facilitar as auditorías e comprobacións necesarias para verificar o cumprimento da normativa aplicable.



Décimo sétima.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

O presente convenio, que ten natureza administrativa, e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas, pola lexislación en materia de contratos do sector público e polas demais normas de aplicación.

As partes asinantes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidera xurdir no desenvolvemento do presente convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de seguimento creada a tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan o presente documento no lugar e data arriba indicados.

Pola Corporación RTVG
O director xeral



CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA
Dirección Xeral

Alfonso Sánchez Izquierdo

Pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de
Galicia
A directora



AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA
XUNTA DE GALICIA

Mar Pereira Álvarez